



Sindicato de
Trabaxadores de la
Administración de
Justicia

Sindicato independente y específico
ES DE JUSTICIA

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil 609.292.438 Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (Jóse): 600.482.787 / (Kike) 605.128.068, Local sindical 886218416
Provincia de Lugo: (José Manuel): móvil 636 99 39 66
Provincia de Orense: (Javier): móvil 649.978.259

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com // Blog: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.
Praza de Europa 5ª-4º andar.
Polígono das Fontiñas.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 24/11/2014 13:54:23

ENTRADA 139869 / RX 1428480



ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE DETERMINA O DESEÑO, FUNCIÓNS E ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMÚNS PROCESUAIS XERAIS NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DE GALICIA.

O pasado 6 de outubro remitiuse, por esa Dirección Xeral a este Sindicato, borrador do Proxecto de Decreto polo que se determina o deseño, funcións e organización dos servizos comúns procesuais xerais na Administración de xustiza de Galicia, e despois de estudar as disposicións do borrador, STAJ quere facer as seguintes ALEGACIÓNS, para que se teñan en conta na redación definitiva do Decreto:

PRIMEIRO.- Entendemos que a implantación de xeito experimental en Pontevedra dunha pequena parte da chamada Nova Oficina Xudicial durante o ano 2015, obedece máis a unha estratexia de propaganda electoralista, que a unha vontade real de solucionar os problemas da Xustiza.

Nós pedimos calma, tranquilidade, que o deseño e a posta en marcha de este e outros Servizos Comúns da Nova Oficina Xudicial se fagan dende o estudo e o análise obxectivo do que está a acontecer en outros territorios, para poder sacar conclusións e aprender dos erros cometidos alí donde xa esta implantada. Rexeitamos estas presas da Consellería por anunciar a bombo e platillo a implantación da Nova Oficina Xudicial en Galicia, débese pensar máis na calidade dos servizos públicos e nos propios traballadores/as que nas eleccións (municipais, autonómica e xerais) do ano que ven.

Temos que ter en conta que Pontevedra conta con tres sedes xudiciais separadas unhas das outras, o que vai a dificultar a interrelación entre os órganos esparcidos pola localidade, e consideramos de suma importancia que a implantación da Nova Oficina Xudicial non se leve a cabo nesta cidade ata ter o novo edificio xudicial rematado, e polo mesmo motivo, non se leve a cabo en ningunha localidade de Galicia que non conte cas infraestructuras xudiciais suficientes, e no caso de contar con máis de unha estean ubicadas o caron unha das outras.



Sindicato de
Trabaxadores de la
Administración de
Justicia

Sindicato independente y específico ES DE JUSTICIA

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil **609.292.438** Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (José): **600.482.787** / (Kike) **605.128.068**, Local sindical **886218416**
Provincia de Lugo: (José Manuel): móvil **636 99 39 66**
Provincia de Orense: (Javier): móvil **649.978.259**

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com // Blog: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

SEGUNDO.- Creemos necesaria a división do Servizo Común Procesual Xeral en Seccións, e éstas nos Equipos correspondentes. Propoñemos a división nas seguinte Seccións:

- Rexistro de Entrada e Repartición
- Actos de Comunicación e Execución.
- Información e Asistencia as Víctimas e a Cidadanía,.
- Funcións Auxiliares da Oficina Xudicial.
- Depósito de Efectos e Arquivo de Xestión.
- Arquivo Territorial.

TERCEIRO.- Creemos necesario que ademáis do Secretario Director do Servizo Común exista polo menos un Secretario en cada Sección de Rexistro de Entrada e Repartición, na de Actos de Comunicación e Execución, na de Depósito de Efectos e Arquivo de Xestión e na Arquivo Territorial, pois hai funcións que se lle otorgan a estas Seccións que solo poden ser desempeñadas por integrantes do Corpo de Secretarios Xudiciais, de conformidade coa normativa vixente sobre arquivos xudiciais e Expurgo e do Real Decreto 1608/2005 polo que se aproba o reglamento Orgánico do Corpo de Secretarios Xudiciais, tales funcións son:

- **Previa á súa clasificación**, asignación do NIG de xeito automatizado a través da aplicación informática, único e inalterable ao longo de todo o procedemento, correspondente aos documentos iniciadores dun procedemento.
- **Mantemento, actualización e xestión da axenda de sinalizacións dos xuízos rápidos penais.**
- **Formación dos expedientes, compulsas de copias de documentos tras cotexalas cos orixinais** e cumprimentación do formulario dos apoderamentos apud acta.
- **Xestión das devolucións informáticas** de asuntos que fagan os órganos xudiciais.
- **Repartición entre os xulgados ou seccións dos documentos que poidan xerar un novo procedemento**, a través de operacións informáticas e aplicando as normas vixentes.
- **Deixar constancia nos asuntos repartidos da "diligencia de reparto".**
- **Acordar e executar cantas actuacións resulten necesarias para levar a efecto os actos de comunicación que se lles encomenden.**
- **Xestionar o servizo de cita previa para trámites ante as oficinas xudiciais.**
- Recibir, rexistrar, fotografar, empaquetar, etiquetar, trasladar, **custodiar**, remitir e darlles destino ás pezas de convicción, efectos e instrumentos do delito, segundo o resolto polo tribunal.
- **Clasificar**, arquivar e desarquivar física e informáticamente os expedientes.
- Etiquetar, **organizar e custodiar** os cartafoles e caixas de arquivo.



Sindicato de
Trabaxadores de la
Administración de
Justicia

Sindicato independente y específico ES DE JUSTICIA

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil **609.292.438** Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (Jóse): **600.482.787** / (Kike) **605.128.068**, Local sindical **886218416**
Provincia de Lugo: (José Manuel): móvil **636 99 39 66**
Provincia de Orense: (Javier): móvil **649.978.259**

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com // Blog: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

- Recibir, rexistrar, **clasificar, ordenar e custodiar** os documentos e expedientes xudiciais que deban ser conservados nos arquivos territoriais.
- **Entregar as series, expedientes e documentos determinados pola xunta de expurgación.**
- **Expedir certificacións e testemuños** das actuacións xa concluídas que obren nos arquivos territoriais non declaradas reservadas ou secretas.

CUARTO.- Para unha maior concreción das función deberíase eliminar a expresión " **Calquera outra función análoga ás anteriores**", e describir claramente as función que deben realizar cada unha das seccións do Servizo Común, co gallo de que en en tódolos Servizos se realicen as mesmas funcións e non haxa diferencias por mor do que un Secretario Director interprete como función análoga.

QUINTO.- Co gallo de que non haxa traslado forzoso de persoal, **debe garantirse que ninguén vai a ser obrigado a deixar o posto de trabalo que actualmente ocupa**, que a movibilidade do persoal vai a ser a última acción e sempre de xeito voluntario, e nunca fora da localidade. Tamén **débese manter** as plantillas actuais e en caso de sobredotación en algúnha Sección, debe haber un compromiso de mantemento de ese persoal a maiores en canto non haxa traslados voluntarios ou xubilacións.

SEXTO.- Débese garantir non solo as retribucións Complementarias fixas, que xa estan recollido no borrador do Decreto, senon tamén **as retribucións por servizos de garda e outras de carácter extraordinario, así como a maior cantidade que se cobra no CAT nos SCNE, para o caso do persoal que poida deixar de cobralas cando se faga o proceso de acoplamento.**

SEPTIMO.- Consideramos que o persoal do Corpo de Auxilio que nestes momentos ten o posto de traballo nun Xulgado, debe seguir nese posto ata que a implantación da Nova Oficina Xudicial chegue a fase de transformación dos xulgados en UPADs. Non ten sentido quitar nestres intres os Auxilios dos Xulgados, para ter que mandalos a diario a facer as función propias do Corpo a eses mesmos órganos. Unha vez creadas as UPADs si que este persoal podría abandonar o seu xulgado para integrarse na sección correspondente do Servizo Común, facelo antes carecería de lóxica e de efectividade.



Sindicato de
Trabajadores de la
Administración de
Justicia

Sindicato independiente y específico ES DE JUSTICIA

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil **609.292.438** Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (José): **600.482.787** / (Kike) **605.128.068**, Local sindical **886218416**
Provincia de Lugo: (José Manuel): móvil **636 99 39 66**
Provincia de Orense: (Javier): móvil **649.978.259**

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com // Blog: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

OCTAVO.- Estimamos que debe aprovecharse este Decreto para **regular a asistencia como persoal de garda (con carácter voluntario) dunha persoa da Sección de Rexistro e Repartición e outra da Sección de Auxiliares da Oficina Xudicial, unha vez creadas e en funcionamento as UPADs de Instrucción.**

NOVENO.- Para mellorar a eficacia dos actos de comunicación e axilizar os diferentes procesos, nas localidades que contan cunha Sección de Actos de Comunicación, **débese regular unha quenda semanal (de xeito voluntario e retribuído) que conte polo menos con dúas persoas de esa Sección, para a realización de Actos de Comunicación pola tarde e no fin de semana, naqueles casos, en aumento constante, en que non é posible a comunicación cos interesados en horario de mañan ou en días hábiles.**

DECIMO.- As RPTs deben contemplar de forma clara, e sin que haxa lugar a dúbidas, **as funcións exactas de cada posta de traballo, sen que se deixe espazo a improvisación ou interpretación subxectiva dos superiores.**

Insistimos na importancia de que esta regulación e a posta en marcha deste Servizo Común se faga con tempo, sen presas, analizando os pros e os contras e pensando na mellora do servizo público, non nas eleccións do vindeiro ano.

Pontevedra a vintecatro de novembro de dous mil catorce.

www.staj.es
Sindicato de Trabajadores de
la Administración de Justicia

Enrique Araújo Martínez, en representación de STAJ.